

CONCELLO DE MARÍN.CIM

SEXO E XÉNERO

TEMA 2



8M. Día Internacional da Muller



A corresponsabilidade no fogar representa o reparto de forma equitativa das tarefas domésticas e responsabilidades familiares.
Implica a todo o núcleo familiar.

CO SEXO NACEMOS E O XÉNERO É APRENDIDO

Para reflexionar

É o mesmo falar de sexo que falar de xénero?

No voso pobo...

- Que se espera dun home?
- Que se espera dunha muller?
- Que se lles prohibe aos homes?
- Que se lles prohibe ás mulleres?
- Que se valora nun home?
- Que se valora nunha muller?

Cando chegamos ao mundo, facémolo a un mundo diverso. A natureza determina o sexo das persoas, nacemos homes, mulleres ou intersexuais. A sociedade e a cultura que existe no lugar onde nacemos inflúe nas persoas, atribuíndo a unhas o considerado como “o feminino” e a outras como “o masculino”.

Os valores da cultura oriental en relación á feminidade son moi diferentes aos valores da cultura occidental.



https://www.eldiario.es/sociedad/mujer-china-tradiciones-falta-politica_1_1667231.html

Fixádevos como define a RAE (Real Academia da Lingua Española) os conceptos de home e muller:

Home

Do latín *homo*, *-inis*

1. m. Ser animado racional, varón ou muller. O home prehistórico.
 2. m. Varón (II persoa do sexo masculino).
 3. m. Varón que chegou á idade adulta.
 4. m. Varón que ten as cualidades consideradas masculinas por excelencia. *Ese si que é un home!*
- U. t. c. adx. *Moi home.*

5. m. coloq. Marido ou parella masculina habitual, con relación ao outro membro da parella.
6. m. Antigo xogo de naipes semellante ao tresillo, de orixe español, que se estendeu por Europa no século XVI.
7. m. p. us. Nalgún xogos de naipes, persoa que di que entra e xoga contra as demais.
8. Interj. U. para indicar sorpresa ou asombro, ou cun matiz conciliador. *Home, non te enfades!*
Home, non hai que poñerse así, María.

Muller

Do latín *mulier, -ēris*

1. f. Persoa do sexo feminino.
2. f. muller que chegou a idade adulta.
3. f. muller que tes as cualidades consideradas femininas por excelencia. *Esa si que é unha muller!*
U. t. c. adx. *Moi muller.*
4. f. Esposa ou parella feminina habitual, con relación ao outro membro da parella.

Para practicar

Busca a definición das palabras Home e Muller dada pola RAE e fíxate nos exemplos que da de cada unha delas. Realiza unha comparativa entre os conceptos, como por exemplo: home público/muller pública.

As persoas estamos familiarizadas coa distinción dos conceptos home e muller, pero non afondamos no seu significado na nosa sociedade. Para continuar avanzando temos que introducir novos termos significativos en igualdade:

- **Sexo**

O sexo fai referencia ao conxunto de características biolóxicas que permiten distinguir se unha persoa é muller, home ou intersexual. Mantéñense inalteradas desde o principio dos tempos e transmítese xeneticamente. Establece a diferenza biolóxica entre as mulleres e os homes.

- **Xénero**

O xénero fai referencia aos roles, comportamentos, actividades e atributos que unha sociedade determinada, nunha época concreta, considera apropiados para homes e mulleres. “Masculino” e “Feminino” son categorías de xénero. O xénero pode modificarse. Establece a discriminación entre o masculino e o feminino.

SEXO	XÉNERO
<ul style="list-style-type: none">• Categoría biolóxica.	<ul style="list-style-type: none">• Categoría cultural.
<ul style="list-style-type: none">• Define roles específicos na reprodución.	<ul style="list-style-type: none">• Condición modificable segundo patróns culturais.
<ul style="list-style-type: none">• Ven asociada á distinción macho/femia.	<ul style="list-style-type: none">• Define o rol social atribuído a mulleres e homes.
<ul style="list-style-type: none">• Categoría válida para todas as especies.	<ul style="list-style-type: none">• Asóciase á distinción masculino/feminino.
	<ul style="list-style-type: none">• Categoría válida solo nun entorno social humano.

- **Sexismo**

Actitude discriminatoria de quen infravalora ás persoas do sexo oposto ou fai distinción das persoas segundo o seu sexo.

- **Identidade de xénero**

A identidade de xénero fai referencia á experiencia de xénero innata, profundamente interna e individual dunha persoa, que pode ou non corresponder coa fisioloxía da persoa ou do seu sexo ao nacer.

- **Roles**

Os roles son o conxunto de tarefas e funcións que se derivan da situación ou posición/status dunha persoa con respecto ao seu grupo de pertenza.

- **Roles de xénero**

Son os relacionados coas tarefas, funcións e condutas que tradicionalmente se atribuíron a un sexo como propio, e apréndense e interiorízanse a través das institucións e mecanismos que operan no proceso de socialización.

É importante coñecer que os roles de xénero varían tanto dentro como entre as culturas, que dependen do contexto histórico e que poden cambiar co tempo, sobre todo co empoderamento das mulleres e cos cambios sociais, que varían en función da idade, da clase social, da raza, da etnia e da relixión que practiquen.

- **Estereotipos**

Son ideas ou imaxes aceptadas pola maioría da xente que atribúe valores e condutas ás persoas segundo as características comúns como a raza, idade, nacionalidade, etc. Isto é como unha etiqueta que che “colgan” dependendo da túa raza, ideoloxía política ou relixiosa, etc.

- **Estereotipos de xénero**

Responden a modelos, valores, actitudes e comportamentos definidos polo sexo das persoas, sen ter en conta a individualidade.

Este tipo de estereotipos valóranse de distinta forma se están atribuídos aos homes ou se están atribuídos ás mulleres. Os estereotipos masculinos valóranse de forma positiva mentres que os femininos valóranse de forma negativa ou están socialmente desvalorizados.



<https://youtu.be/d36phzZib90> Estereotipos e roles de xénero

<https://youtu.be/K6wnjAaPe5g> Roles e estereotipos de xénero

Para reflexionar

- **Sodes capaces de ver como nos exemplos das definicións aparecen os estereotipos de xénero?**
- **Son semellantes as tarefas e funcións que normalmente desenvolven as mulleres e os homes do teu entorno?**

- **Poderías trasladar estes conceptos a túa vida cotiá?**

Aínda que moitas veces os estereotipos poden parecernos inocuos, adoitan estar moi arraigados, tanto social como culturalmente e seguen marcando as diferenzas entre homes e mulleres, condicionando os nosos gustos, a forma na que nos relacionamos e como se comportan as demais persoas connosco segundo o noso sexo.

Para practicar

Ler este recadro extraído do libro “Feminismo para principiantes” da escritora Nuria Varela (1ª Edic. 2005) Edicións B. e pensar se algunha vez tendes reproducido algún destes estereotipos.


Cando alguén se comporta así:	Se é nena dise que é:	Se é neno dise que é:
Activa	Nerviosa	Inquieto
Insistente	Teimuda	Tenaz
Sensible	Delicada	Afeminado
Desenvolta	Groseira	Seguro de si mesmo
Desinhibida	Pícara	Simpático
Obediente	Dócil	Débil
Temperamental	Histérica	Apaixonado
Audaz	Impulsiva	Valente
Introvertida	Tímida	Pensa ben as cousas
Curiosa	Preguntona, lingoreteira	Intelixente
Prudente	Sensata	Covarde
Se non comparte	Egoísta	Defende o seu
Se non se somete	Agresiva	Forte
Se cambia de opinión	Caprichosa, voluble	Capaz de recoñecer os seus erros

O concepto de xénero varía dunha cultura a outra e dun período a outro, isto é a demostración de que o xénero non é algo fixo, nin natural nin é inalterable, polo tanto é unha construción social e pódese cambiar.



<https://youtu.be/JUO5wLCgZdc>

Chegados a este punto, comezamos a ter mais coñecementos sobre a igualdade que nos permiten desenvolver unha mirada construtiva da nosa sociedade: identificando aquelas estruturas modificables que prexudican o equilibrio entre homes e mulleres.



MODELOS SOCIAIS

CULTURA PATRIARCAL OU MODELO SOCIAL ANDROCÉNTRICO

Preséntanos os roles de xénero que definen como ten que actuar unha persoa en función de que sexa muller ou home.

ROL FEMININO: Tarefas asociadas á reprodución, crianza, coidados, substento emocional da familia. Inscríbense no ámbito doméstico.

ROL MASCULINO: Tarefas asociadas ao produtivo, ao mantemento e substento económico. Inscríbense no ámbito público.

Expectativas tradicionais dos homes - Que é o que se espera deles?

- Ser o sostén económico da familia.
- Ser o encargado de tomar as decisións importantes en nome da familia.
- Apreciados pola súa forma “racional” de resolver problemas.

Expectativas tradicionais das mulleres – Que é o que se espera delas?

- Ser a cuidadora dos membros da familia.
- Pode tomar decisións cotiás que afectan á administración do fogar.
- Apreciadas por coidar do benestar emocional da súa familia.

Para reflexionar

- **Credes que a sociedade na que vivides inflúe na vosa forma de comportarvos?**
- **Credes que a vosa familia reproduce os roles tradicionais de xénero?**
- **Credes que as vosas amizades poden trasladar estereotipos propios da cultura patriarcal en relación ao xénero?**
- **Pensades que o tratamento dos contidos nos medios de comunicación é o axeitado?**

Existe un proceso non consciente polo que adquirimos os roles culturais que se nos asignan en función de se nacemos homes ou mulleres, denominado socialización de xénero. Dende o mesmo momento no que unha muller está embarazada determinamos o futuro da nova crianza en base ao seu xénero, á selección dos xoguetes, á asignación de tarefas baseadas no xénero, as cores da súa vestimenta (rosa/azul), etc. todo isto contribúe á socialización de xénero e fomenta a aparición dos estereotipos e roles.




Existen distintos tipos de axentes na socialización:

➤ A **familia** é a primeira transmisora de ideas e valores, a encargada de transmitir os roles e de incorporar os estereotipos de xénero a nenos e nenas. Moitas das veces esta transmisión prodúcese a través dos modelos que asumen a nai e o pai nas diferentes funcións, responsabilidades, accións e pasatempos.

➤ A **escola** é o lugar onde as crianzas pasan gran parte do seu día a día. Ás veces as normas que se establecen para o funcionamento dos centros, así como os comportamentos do profesorado ou os patróns culturais que se transmiten (currículo oculto), perpetúan o sistema de roles tradicionais a través da socialización de xénero que iniciou a familia.

Isto podería modificarse se nos centros conseguiran transmitir valores máis igualitarios mediante a coeducación e a formación en igualdade do profesorado.

En relación aos contidos dos libros de texto, haberá que visibilizar personaxes femininos ou mulleres célebres nas distintas áreas do coñecemento como modelos referentes. Así mesmo, se mudamos os contidos dalgúns libros de texto onde aparecen imaxes e ilustracións que reflicten unha clara división sexual do traballo e utilizamos unha linguaxe inclusiva colaboraremos na consecución da igualdade real.



➤ Os **medios de comunicación**, revistas, periódicos, televisión, cine, e agora máis ca nunca a música e a internet entre outros, teñen gran influencia na sociedade. Estes axentes socializadores reproducen e transmiten mensaxes sexistas, isto apréciase ben a través da publicidade, xa que existen moitos anuncios onde se cousifica ás mulleres utilizando e amosando os corpos como se foran meros obxectos.

Dentro da Secretaría Xeral de Igualdade, a través do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, pódense denunciar os contidos sexistas nas mensaxes publicitarias de ámbito autonómico. Para elo, cubrirase o formulario de denuncia de publicidade sexista enviándoo por correo electrónico ao enderezo igualdade@xunta.es, por fax ao 981 957 690 ou cumprimentando o formulario de denuncia de publicidade machista.

[Formulario de denuncia de publicidade machista](#)

EXEMPLO DE PUBLICIDADE DE CONSUMO RETIRADA POR SEXISTA



➤ O **grupo de iguais**, vai cobrando maior importancia debido ao crecente uso das redes sociais e das novas tecnoloxías existentes na actualidade.

Nesta era, onde cada vez existen máis *influencers*, *instagramers*, *youtubers* e *tiktokers*, a nosa mocidade comeza a utilizalos como modelos a seguir, facéndoos vivir nunha falsa realidade na que moitas veces se seguen perpetuando roles e estereotipos machistas. Isto pode causarlles frustración e baixa autoestima por que non sempre se corresponde co que os seus ídolos publican nas súas redes sociais. Pola contra o bo uso das redes pode ser beneficioso cando estas persoas lanzan mensaxes positivas, de solidariedade, de igualdade, xenerosidade, tolerancia, etc. Colaborando na procura dunha sociedade máis igualitaria e xusta.



<https://contigoconectados.com/uso-excesivo/por-que-para-los-adolescentes-son-tan-importantes-los-me-gusta/>

Para practicar

Buscade anuncios de colonias, coches, bebidas, produtos de limpeza ou demais cousas que se vos ocorran e identificade os contidos sexistas que transmiten.

https://youtu.be/T6yTFL2M_X4?list=PLxydhsSBJDspZ7TzzfDns9FpRUMKU47lj

Para reflexionar

- Pensades que mudou a forma de socializar que tiñades vos con respecto ás novas xeracións?
- Algunha vez analizastes se o uso de determinados xogos ou xoguetes poden influír no comportamento das crianzas?
- Son semellantes a forma de socializar na familia que na escola?
- Credes que hoxe en día a xente nova mide a súa valía persoal polos likes que teñen nas redes sociais?